

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

TÍTULO I. DA ASOCIACIÓN

Artigo 1. Réxime Xurídico

ALAS A Coruña, asociación LGTBI+ (en diante “a Asociación”), constituída ao amparo da lexislación vixente, rexerese polos seus Estatutos vixentes aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria, polo presente Regulamento de Réxime Interno, (en diante “o Regulamento”) e por todas aquelas normas que estableza a regulamentación aplicable segundo as leis.

Artigo 2. Obxecto do Regulamento de Réxime Interno

Este regulamento é unha norma básica para o desenvolvemento dos Estatutos en aspectos tales como a estrutura ou os recursos materiais e humanos da Asociación. En tanto norma de desenvolvemento, está supeditado aos mesmos e en ningún caso poderá ir contra o articulado ou a súa filosofía. Calquera conflito resolverase por parte da Xunta Directiva ou a través da comisión que esta designe a tal efecto, de ser necesario.

Artigo 3. Domicilio social e ámbito territorial

O domicilio social e o ámbito territorial establécense segundo o sinalado nos Estatutos. No seu caso será a Asemblea Xeral a que poderá proceder aos cambios de domicilio que se estimen oportunos, dando a correspondente notificación ás autoridades competentes e ás persoas asociadas á entidade.

Artigo 4. Espazos da Asociación.

Considéranse espazos da Asociación:

- O Local Asociativo
- As actividades organizadas pola Asociación.
- As actividades organizadas por outras entidades nos que participe a Asociación.
- As canles de comunicación e difusión da Asociación.
- As redes sociais da Asociación.
- Os desprazamentos e os espazos de convivencia derivados da participación en actividades organizadas pola Asociación ou por outra entidade.

TÍTULO II . DAS PERSOAS SOCIAS

Capítulo I. Do ingreso de novas persoas asociadas

Artigo 5. Momento do ingreso

1. O ingreso na Asociación regúlase nos seus Estatutos, segundo o artigo 28.
2. En casos extraordinarios para salvagardar a boa marcha e convivencia da Asociación, será a Xunta Directiva a que tome a decisión de permitir ou non o ingreso, tendo a obriga de dar conta posteriormente nunha Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, que terá a facultade de revogar a decisión.

Artigo 6. Procedemento de admisión

1. A solicitude de ingreso será presentada á secretaría, ou no seu caso ao persoal técnico da Asociación que se encargará de trasladarlle dita solicitude. Para formalizar o ingreso, cada persoa interesada debe aportar a seguinte documentación:
 - Formulario de ingreso
 - Cesión de datos
 - Xustificante de pagament ou outra proba que deixe constancia do ingreso nas contas da Asociación, cando proceda.
2. A secretaría terá un período de 10 días laborables para decidir se a solicitude é admitida ou rexeitada, dependendo de se aprecia posibilidades de dificultades da

convivencia mencionadas no artigo 4 ou se son reportados problemas por parte da oficina técnica.

3. Unha vez admitida a solicitude a secretaría procederá a dala de alta no rexistro de persoas asociadas e facilitar a seguinte documentación:
 - Estatutos da Asociación
 - Regulamento de Réxime Interno
 - Outros regulamentos ou protocolos que puidera haber na Asociación e deban ser de obrigado coñecemento e cumprimento de tódalas persoas asociadas.
4. A Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral Ordinaria, cunha periodicidade anual, un informe sobre as baixas e altas de persoas socias que se produciron en dito período.

Capítulo II. Dos aspectos económicos

Artigo 7. Cota

1. Desde o seu ingreso, as persoas socias estarán obrigadas a pagar unha cota anual, cuxo importe será fixado todos os anos pola Asemblea Xeral Extraordinaria.
2. Nesta Asemblea poderá determinarse tanto o tipo de cotas e as contías das mesmas coma a posibilidade de rebaixas na cota segundo avance o ano.
3. Toda a información das cotas deberá estar publicada na páxina web da Asociación, nun sitio facilmente accesible e claramente explicada.
4. A Asociación sempre ofrecerá unha cota exenta e reducida para garantir que calquera persoa, independentemente da súa situación económica, poida participar na mesma.
5. En ningún momento a Asociación poderá pedir ningún tipo de documento que acredite a situación fiscal das persoas que solicitan o ingreso.
6. Todas as persoas socias teñen os mesmos dereitos, obrigas e beneficios independentemente da cota que aporten.

Artigo 8. Abono da cota

1. A cota deberá ser abonada por todas as persoas asociadas no período que así estipule a Asemblea Xeral Extraordinaria pero sempre dentro dos 3 primeiros meses do ano.
2. O abono realizarase na conta bancaria da Asociación, considerándose satisfeita coa entrega do resgardo bancario ante a tesourería ou, no seu defecto, ante a presidencia ou a secretaría.
3. Toda cota aboada adquirese de maneira definitiva, sen posibilidade de esixir o seu reembolso, salvo casos extraordinarios que serán dirimidos pola xunta directiva, e que consistirán, de forma xeral, en erros a ser resoltos coa maior brevidade posible.

Capitulo III. Do estatuto xurídico das persoas socias

Artigo 9. Dereitos e deberes das persoas socias

1. A maiores dos mencionados no Artigo 31 dos Estatutos, as persoas socias de número terán os seguintes dereitos:
 - a. Ser escoitadas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e a que se lles informe dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
 - b. Recibir da Xunta Directiva información clara e concisa sobre como facer chegar unha queixa ou denuncia de condutas que contraveñan o bo funcionamento e os valores da Asociación, así como o procedemento a seguir.
2. De igual xeito, e de acordo ao Artigo 32 dos Estatutos, as persoas socias de número terán a obriga de poñer en coñecemento da Xunta Directiva canto poida significar contravención do preceptuado na normativa interna e dos acordos dos órganos reitores da Asociación.

Artigo 10. Réxime disciplinario

1. Consideráanse infraccións as seguintes accións ou omisións cometidas polas persoas asociadas:
 - a. A inobservancia ou incumprimento reiterado da lexislación vixente en materia de asociacións ou o ordenamento xurídico en xeral, o incumprimento das obrigas provintes dos Estatutos, do presente Regulamento, e dos acordos das Asembleas Xerais, reunións ordinarias e da Xunta Directiva.
 - b. A perda con posteridade dalgún dos requerimentos necesarios para ser persoa asociada.
 - c. A conduta incorrecta, o desprestixio da Asociación con feitos ou palabras, a perturbación grave dos actos organizados por esta ou da normal convivencia entre persoas asociadas. Presumírase que existen tales condutas cando a persoa asociada deliberadamente impida ou poña obstáculo ao cumprimento dos fins da Asociación ou ao funcionamento da Asemblea Xeral, á Xunta Directiva ou calquera grupo de traballo oficialmente constituído.
 - d. O incumprimento das obrigas económicas da Asociación.
 - e. O mal uso do local ou dos bens materiais da Asociación.
 - f. O roubo, furto ou substracción de bens económicos ou materiais da entidade ou das persoas asociadas, voluntarias, usuarias, colaboradoras e/ou persoal laboral, dentro dos espazos da Asociación.
 - g. As condutas voluntarias e/ou reiteradas LGTBifóbicas, machistas, misóxinas, racistas, capacitistas e en xeral, calquera conduta, actitude, comentario ou manifestación irrespectuosa coas realidades, vivencias ou contexto de calquera persoa, sexa asociada ou non.
 - h. Acoso ou calquera outro tipo de conduta inadecuada cara a menores de idade, persoas en calquera situación que as fagan vulnerables, sexan asociadas ou non.

- i. O abuso de calquera situación que outorgue unha posición de privilexio sobre outras persoas, coa fin de coaccionalas, coartalas ou obrígalas a levar a cabo actos contrarios á súa vontade.
 - j. O acoso sexual de calquera tipo ou en xeral, calquera comportamento de carácter sexual non adecuado cara as persoas, asociadas ou non.
 - k. Calquera agresión física e/ou verbal cara as persoas, sexan socias ou non.
 - l. Calquera conduta ou manifestación que poña en risco ou afecte á saúde física e psicolóxica das persoas, asociadas ou non.
 - m. O encubrimento da persoa ou persoas que puideran estar a cometer algunha das infraccións ou omisións citadas nos anteriores puntos.
2. A comisión dalgunha destas infraccións será obxecto da correspondente sanción, previa instrución do expediente, e sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutro tipo que poidan corresponder.
 3. No caso de que os feitos poidan ser constitutivos dun posible acoso, independentemente da súa natureza, poñerase en marcha o protocolo específico existente na Asociación: *Protocolo para a prevención e actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo ou xénero*.
 4. No resto das infraccións, o protocolo de denuncia, apertura de expediente sancionador, instrución e resolución será o seguinte:

Artigo 11. Tipos de infraccións

1. A competencia para a cualificación do tipo de infracción e para a imposición da sanción correspóndelle á Xunta Directiva. As infraccións recollidas neste artigo poden clasificarse como leves, graves ou moi graves segundo o grao de intencionalidade, a xeneralización da infracción, a reincidencia ou reiteración da conduta e a gravidade dos feitos. Polo tanto, unha vez reunida a Xunta Directiva tras a recepción dunha queixa ou denuncia, se a infracción é considerada grave ou moi grave, tomaranse as seguintes medidas cautelares sen prexuízo de que estas poidan ser revocadas ao finalizar o proceso de instrución e resolución do expediente sancionador:

- a. No caso de ser unha persoa socia a involucrada como infractora, farase inmediatamente unha comunicación escrita por parte da Xunta Directiva, informando da apertura do expediente sancionador que deberá ser acusada de recibo, afastaráselle das canles de comunicación da entidade, dos espazos de participación e non terá acceso ás actas ou a calquera outra documentación que puidera incluír información do proceso de instrución, a excepción da documentación que, polo propio proceso, se faga necesario facilitar á persoa involucrada.
 - b. No caso de estar involucrada como infractora algunha das persoas integrantes da Xunta Directiva, farase inmediatamente unha comunicación escrita, informando da apertura do expediente sancionador, que deberá ser acusada de recibo, á persoa involucrada por parte da persoa a Xunta Directiva de maior rango de responsabilidade, afastándoa das súas funcións de maneira cautelar ata que conclúa o expediente e haxa resolución. Durante este tempo, non terá acceso ao correo propio da entidade, actas da xunta directiva ou doutros órganos, así como calquera documentación que inclúa información sobre o proceso de instrución, a excepción da documentación que, polo propio proceso, se faga necesario facilitar á persoa involucrada.
2. Para as infraccións leves farase una comunicación escrita informando da apertura do expediente sancionador.
 3. En todo momento deberase garantir o benestar físico e psíquico das persoas afectadas ou vítimas, tomando cantas medidas cautelares sexan necesarias para tal efecto.

Artigo 12. Recepción da denuncia e posta en marcha do expediente sancionador

1. A Xunta Directiva facilitará a información clara e concisa sobre como facer chegar unha queixa ou denuncia e o procedemento a seguir.
2. A presidencia, a vicepresidencia e a secretaría serán as encargadas, no caso de non estar ningún destes cargos involucrados e sendo automaticamente substituídos por

outras persoas da Xunta directiva se o están, de **designar a unha persoa instrutora** para que tramite calquera queixa ou denuncia recibida, a investigue e realice o seguimento. Contará cun período de **2 días laborais** para facelo.

- a. A persoa instrutora deberá ter formación, preferiblemente, en materia legal. Así mesmo, deberá ser neutral ante as partes implicadas.
 - b. No caso de que dentro da Asociación non houberse unha persoa que se poida designar como persoa instrutora, esta poderá ser unha persoa externa á organización, expresamente contratada para tal fin e coa debida formación profesional para desenvolver o labor. No caso de que sexa unha colaboración sen remuneración económica, deberá de asinarse un contrato de colaboración para tal fin.
3. As denuncias non poderán ser anónimas mais poderán ser presentadas pola vítima ou por quen teña coñecemento da situación que as motiva. Con todo, se unha o máis persoas da Xunta Directiva ou do persoal técnico detectan que poidese estar a acontecer algún tipo de conduta ou infracción, aínda que non exista denuncia ou queixa, terán a obriga de poñer en marcha cantas medidas sexan necesarias para clarear a situación e abrir o expediente sancionador, se procede.
4. As denuncias poderán presentarse por correo electrónico, en papel ou verbalmente.
- a. A dirección de correo a través da cal poderán presentarse as queixas ou denuncias será a seguinte: denuncia@alacoruna.org. Terán acceso a ese correo unicamente a persoa instrutora, así como as persoas da Xunta Directiva encargadas de nomeala.
 - b. Tamén poderán presentarse en papel, nun sobre pechado dirixido á presidencia ou secretaría, que se deberá entregar persoalmente ás mesmas ou no local da Asociación e que o persoal técnico custodiará debidamente ata que sexa entregado á/ás persoa/s destinataria/s.

- c. No caso de que a queixa ou denuncia se faga a través do persoal técnico da entidade, xa sexa vía verbal ou vía correo electrónico de dito persoal, estes deberán facer chegar a denuncia á presidencia e/ou secretaría coa maior brevidade posible.
 - d. No caso de que a queixa ou denuncia se faga de maneira verbal á presidencia, á secretaría ou persoal técnico, a persoa que a formula deberá complementar a denuncia tamén por escrito a través do correo electrónico ás direccións facilitadas ou nun sobre pechado, segundo o anteriormente indicado.
5. Deberase garantir a confidencialidade das denuncias, polo tanto, unha vez recibida, a persoa ou persoas encargadas de tramitalas asignarán un código numérico ás partes afectadas.
6. Unha vez recibida, activarase o procedemento para a súa tramitación. Calquera queixa, denuncia ou reclamación que se formule terá presunción de veracidade.
7. A persoa instrutora:
 - a. Terá un prazo máximo de 30 días laborais no caso das infraccións leves e 15 das graves e 10 das moi graves, para realizar a investigación de maneira confidencial na que escoitará ás persoas afectadas e testemuñas que se propoñan e requirirá tanta documentación sexa necesaria, sen prexuízo do disposto en materia de protección de datos de carácter persoal e documentación reservada. As persoas que sexan requiridas deberán colaborar coa maior dilixencia posible.
 - b. Aceptarán como válida a documentación en calquera soporte documental que acredite a identidade e veracidade. A modo de exemplo, non sería válido a aportación dun correo electrónico como proba se non se pode identificar os enderezos de correo da persoa remitente e da destinataria(s).
 - c. En todo caso, garantirase a imparcialidade da súa actuación, polo que no caso de concorrer algún tipo de parentesco por consanguinidade ou afinidade con algunha ou algunhas das persoas afectadas pola investigación, amizade íntima,

inimizade manifesta coas persoas afectadas polo procedemento ou interese directo ou indirecto no proceso concreto, deberá absterse de actuar e deberá comunicalo á presidencia e/ou secretaría para que a substitúa. No caso de que, a pesar da existencia destas causas, non se producise a abstención, poderá solicitarse, por calquera das persoas afectadas polo procedemento, a recusación da devandita persoa.

8. Durante a tramitación do expediente darase primeiro audiencia á vítima en caso de habela, e despois á persoa denunciada. Ambas as partes implicadas poderán ser asistidas e acompañadas por unha persoa da súa confianza, sexa ou non representante legal e/ou sindical, no caso de persoas traballadoras, quen deberá gardar sixilo sobre a información á que teña acceso. A persoa sobre a que recae o expediente sancionador poderá realizar as alegacións que estime pertinentes nun prazo de 15 días no caso das infracción leves, 10 graves e 5 moi graves.
9. O procedemento debe ser o máis áxil e eficaz posible e protexer en todo caso a intimidade, confidencialidade e dignidade das persoas afectadas, así como o dereito de contradición da persoa denunciada. Ao longo de todo o procedemento, manterase unha estrita confidencialidade e todas as investigacións internas levaranse a cabo con tacto, e co debido respecto, tanto á denunciante, á vítima, quen en ningún caso poderá recibir un trato desfavorable por este motivo, como á persoa denunciada, cuxa culpabilidade non se presumirá. Todas as persoas que interveñan no proceso terán a obriga de confidencialidade e de gardar sixilo respecto de toda a información á que teñan acceso.
10. Durante a tramitación do expediente, a proposta da persoa instrutora, a Xunta Directiva adoptará as medidas cautelares necesarias conducentes ao cesamento inmediato da situación, sen que ditas medidas poidan supoñer un prexuízo permanente e definitivo nas condicións de persoa asociada ou condicións laborais, no caso dunha persoa traballadora da entidade ou persoal de prácticas, das persoas implicadas.

11. Finalizada a investigación:

- a. A persoa que tramitou o expediente elaborará un informe no que se recollerán os feitos, os testemuños, probas practicadas e/ou solicitadas concluíndo se, na súa opinión, hai indicios ou non da veracidade dos feitos.
- b. Se da proba practicada se deduce a concorrencia de indicios de veracidade, nas conclusións do informe, a persoa instrutora instará á Xunta Directiva para adoptar as medidas sancionadoras oportunas, podendo mesmo, en caso de ser moi grave, propoñer o despedimento ou a baixa disciplinaria da persoa transgresora.
- c. Se da proba practicada non se apreciasen indicios de veracidade, a persoa instrutora fará constar no informe que da proba expresamente practicada non cabe apreciar a existencia da falta denunciada.
- d. Se, aínda non existindo indicios, atopa algunha actuación inadecuada ou unha situación de conflito que de continuar repetíndose no tempo podería terminar derivando en falta, comunicarao igualmente á Xunta Directiva, suxerindo a adopción de cantas medidas ao respecto resulten pertinentes para poñer fin a esa situación.

12. Ningunha das actuacións impedirá que as persoas implicadas poidan solicitar cantas actuacións xudiciais, administrativas ou de calquera tipo lles resulten adecuadas.

Artigo 13. Resolución do expediente sancionador

1. Unha vez finalizada a instrución, nun prazo máximo de 3 días laborais deberá reunirse coa Xunta directiva para dar conta dos resultados.
2. A Xunta Directiva deberá decidir que medidas e sanción a impoñer nun prazo máximo de 3 días laborais. Esta decisión será comunicada por escrito ás partes afectadas ao día laboral seguinte.
 - a. Amoestación escrita para os casos leves.
 - b. Suspensión temporal da condición de persoa asociada de entre un a doce meses para os casos graves. Esta expulsión comporta a baixa de todas as

- canles de comunicación e difusión da entidade así como a participación en calquera actividade da Asociación.
- c. A perda definitiva da condición de persoa asociada nos casos moi graves ou cando exista reincidencia, pasando a ter a condición de persoa non grata e polo tanto, non poderá volver a solicitar o ingreso na entidade.
 - d. As persoas membros da Xunta Directiva serán cesadas do seu cargo independentemente da gravidade da infracción, sen prexuízo de que a maiores se impoña algunha das sancións especificadas.
3. Un segundo expediente sancionador comportará o incremento da gravidade da falta, de xeito que unha falta leve tornárase grave, unha grave moi grave e unha moi grave comportará a expulsión. Para este incremento teranse en conta os prazos de prescrición descritos a continuación.
 4. A persoa sancionada poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre, a cal resolverá definitivamente.
 5. As infraccións prescribirán aos 6 meses desde a súa comisión no caso das faltas leves, ao ano no caso das graves e aos dous anos no caso das moi graves. O prazo de prescrición interromperase pola inacción, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador.
 6. A Xunta Directiva adoptará todas as medidas necesarias para evitar que a situación non se volva a repetir, reforzando as accións formativas e de sensibilización a calquera outra medida, se así se estima oportuno e procede. No caso de que a sanción non implique a expulsión da Asociación, a Xunta Directiva deberá manter unha vixilancia activa con respecto a esa persoa.
 7. Á vista do informe de conclusións elaborado pola persoa instrutora, a Secretaría procederá a:
 - a. Arquivar as actuacións, levantando acta ao respecto.
 - b. Adoitar cantas medidas se estimen oportunas en función das suxestións realizadas pola comisión instrutora.

Artigo 13 bis. Seguimento dos procedementos sancionadores

Unha vez pechado o expediente, e nun prazo non superior a 30 días naturais, a persoa encargada de tramitar e investigar a queixa, deberá realizar un seguimento sobre os acordos adoptados, sobre o seu cumprimento ou/e resultado das medidas. Dese seguimento realizarase un informe que recollerá se as medidas son efectivas, se se seguen a detectar feitos e actitudes causantes da apertura do procedemento e posibles suxestións sobre que medidas adoptar a maiores se estas non están dando resultado.

Artigo 14. Perda da condición de persoa socia

1. As causas enunciadas no artigo 30 dos Estatutos definen os motivos da perda da condición de persoa asociada.
2. En caso da perda da condición de persoa asociada por razóns disciplinarias rexerese polo previsto no artigo 13.2c deste regulamento.
3. A renuncia voluntaria deberase comunicar expresamente, por escrito e por medios fidedignos á secretaría ou no seu defecto á presidencia coa posibilidade de solicitar de novo o ingreso na Asociación en calquera momento.

TÍTULO III. Das actividades e o local da Asociación

Artigo 15. Desenvolvemento das actividades

1. A Asociación desenvolverá as actividades necesarias para cumprir os seus fins. De conformidade cos Estatutos e o presente Regulamento, todas as persoas asociadas poderán participar nas actividades organizadas pola Asociación.
2. Así mesmo, calquera persoa asociada pode propoñer actividades á Xunta Directiva que estudará a súa viabilidade e serán aprobadas nas Reunións Ordinarias.
3. Para a organización de calquera actividade será necesario presentar á Xunta Directiva os seguintes elementos: obxectivos, descrición, cronograma, responsables e participantes, orzamento e avaliación.

4. Cando non estean dirixidas a un segmento da poboación ou da comunidade LGTBI+ en particular, as actividades deberán incluír criterios para garantir a interseccionalidade e a participación das diversas realidades, cun enfoque feminista.

Artigo 16. Local Asociativo

1. O local da Asociación é a sede da entidade, así como un espazo de reunión para o desenvolvemento de actividades. Tamén é o centro de traballo do persoal laboral da Asociación e onde se atende ás persoas usuarias dos diferentes proxectos e servizos.
2. O local deberase manter en todo momento limpo e ordenado. Así mesmo, o mobiliario e demais bens da Asociación deberán ser conservados e respectados.
3. Unicamente presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesouraría e persoal laboral contarán con chaves do local. As chaves son intransferibles salvo autorización expresa da presidencia.
4. A apertura e uso do local fóra das horas establecidas no horario de atención ao público ou realización de actividades e reunións, deberá ser comunicado con anterioridade á presidencia; en ausencia desta seguirase a orde de prioridade establecida no artigo 14.1 dos Estatutos.
5. O acceso e uso do local non estará permitido para calquera outro fin que non estea relacionado coas actividades da Asociación ou non sexa expresamente autorizado pola Xunta Directiva.
6. Todas as persoas asociadas comprométense a respectar as normas de uso do local da Asociación aquí estipuladas.

Título IV. Do funcionamento da Asociación

Capítulo I. Órganos de Representación

Artigo 17. Da Xunta Directiva

1. A composición, baixas, caducidade, reunións, facultades, deberes e obrigas e as funcións propias de cada cargo especifícanse nos Estatutos vixentes da Asociación. Concretamente no Capítulo II.
2. O mecanismo de elección da Xunta Directiva será decidido nunha reunión anterior á elección e deberá estar explicado nunha acta.

Capítulo II. Asemblea Xeral

Artigo 18. A Asemblea Xeral

En caso dun empate nas votacións da Asemblea Xeral, o voto da presidencia será de calidade.

Título V. Da afiliación e participación na FELGTBI+

Artigo 19. Afiliación

1. A Asociación é entidade de pleno dereito da Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais, Intersexuais e máis (FELGTBI+) dende o ano 2015.
2. O Regulamento é conforme ao regulamento de réxime interno de dita federación. No caso de conflito entre o Regulamento da Asociación e o da FELGTBI+, prevalece o da Asociación.

Artigo 20 Da participación e representación nos grupos federais

1. As persoas asociadas que leven máis dun ano na Asociación poderán solicitar participar nos grupos federais representando á mesma.
2. A solicitude será remitida á Xunta Directiva que resolverá se acepta ou rexeita a petición.
3. En caso positivo, a secretaría comunicará á FELGTBI+ a decisión quen iniciará o procedemento establecido para este caso.
4. A participación nos grupos federais implica representar os intereses da Asociación nos mesmos. Polo tanto, cando existan cuestións que afecten á Asociación, haberá que informar coa maior brevidade para acadar unha postura na Asociación.
5. Así mesmo, as persoas asociadas deberán dar conta, a través da Xunta Directiva ou nas Reunións Ordinarias, do traballo que se está a desenvolver nos grupos federais.
6. A falta de participación activa reiterada comportará a baixa do grupo federal co fin de facilitar a participación doutras persoas asociadas que si poidan asumir esta responsabilidade.

Artigo 21 Da participación dos órganos de goberno e comisións

1. Será condición indispensable para participar nos órganos de goberno e comisións da FELGTBI+ levar cando menos un ano participando de forma activa na Asociación.
2. Para poder ser persoa delegada nun Congreso Federal ou órgano equivalente, esixirase ter participado en Consellos Federais, preferiblemente máis dunha vez e ter un bo coñecemento do funcionamento da FELGTBI+.
3. Para a designación das persoas delegadas que acudirán a un Consello Federal ou órgano equivalente, tentarase enviar a persoas con experiencia no ámbito federal e persoas que non a teñan, coa fin de achegar o traballo da FELGTBI+ ás persoas asociadas.
4. Nos dous casos anteriores, a decisión de quen acude ao Consello ou Congreso deberá estar tomada por maioría simple en reunión ordinaria ou asemblea e recollido na acta.

5. Para participar en comités, comisións ou outros espazos de participación similares, será condición ter participado como persoa delegada da Asociación cando menos nun Consello Federal.

Título VI da disolución

Artigo 22. Iniciación da disolución

A Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral extraordinaria convocada a tal efecto, precisando para tomar a decisión unha maioría cualificada, tal e como establece o artigo 42 dos Estatutos.

Artigo 23. Comisión liquidadora e destino do remanente

O regulamento para a comisión liquidadora está establecido no artigo 42 dos Estatutos.

Título VII Dos Estatutos e Regulamento de Réxime Interno

Artigo 24. da reforma dos Estatutos e Regulamento de Réxime Interno

1. A iniciativa da reforma dos Estatutos da Asociación e do presente Regulamento poderá proceder da Xunta Directiva ou dun terzo das persoas asociadas.
2. Para poder proceder a esta reforma, este asunto deberá ser incluído na orde do día da convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria.
3. No caso de empate, o voto de calidade será o da Presidencia.
4. No caso da reforma dos Estatutos, as modificacións serán notificadas coa maior brevidade posible ao rexistro de asociacións e resto de órganos competentes.
5. Os textos reformados serán postos a disposición:
 - a. De todas as persoas asociadas mediante comunicación interna

- b. Do público xeral na páxina web da entidade co fin de garantir a maior transparencia posible do funcionamento da entidade.

Disposicións finais

O presente Regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte á súa aprobación por parte da Asemblea Xeral da Asociación.

Nota aclaratoria

Definición de Maiorías

Empregaranse as mesmas definicións de maiorías que na nota aclaratoria de definición de maiorías dos Estatutos.

Aprobado en asemblea xeral extraordinaria na Coruña, o 2 de decembro de 2023

Asinado

V. e pr.

A secretaría

A presidencia